


ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL

Agora que comeza o terceiro trimestre e imos seguir confinados durante unhas semanas máis nas nosas casas, imos organizar o traballo dos nosos nenos/as para os vindeiros días do mes de **ABRIL**:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26

Por este motivo, imos organizar as tarefas por sentidos, centrándonos na estimulación do **cheiro(olfato)**:



Como dixéramos anteriormente, as nosas casas están cheas de elementos que desprenden aromas, como son o baño, a cociña ou o xardín (no caso de dispor del).



Dentro do **baño** podemos atopar numerosos cosméticos de uso frecuente como son os xabóns, xeles, escumas de afeitar, colonias de baño, perfumes, toalliñas, lacas, cremas dentífricas,... os cales posúen un cheiro característicos e o cal os nosos/as nenas poden chegar a identificar ou recoñecer.

A **cociña** tamén constitúe un espazo cheo de sensacións, por iso é frecuente que dispoñamos nas nosas despensas de café, cacao, chocolate, mostaza, especias, vinagre, allo, limóns ou laranxas, infusións como manzanillas, froitos do bosque,...



Se dispoñemos **de xardín, terraza ou plantas** no noso domicilio é posible que poidamos gozar do cheiro das rosas, xasmín, camelias, flor de laranxa, plantas aromáticas (romeiro, menta, anís, lavanda,...),

Finalmente, non debemos esquecer outros elementos aromáticos que están presentes nas nosas casas, como os deterxentes, produtos de limpeza, candeas aromáticas, incensos, flores secas, ambientadores,...

As actividades que podemos levar a cabo con todos estes elementos son as seguintes:

- Dicir si o aroma nos resulta agradable ou desagradable.
- Recoñecer diferentes olores como o da pasta dentífrica ou o anís.
- Identificar o cheiro presentado dous aromas ben diferenciados, por exemplo café e colonia, ou menta e xampú.
- Enumerar diferentes olores que nos gustan como o chocolate ou as candeas aromáticas.
- Mencionar olores que nos desagradan como o vinagre ou o allo.

Para facer estas tarefas máis interesantes podemos tapar os ollos.

Estas son as actividades que dende a aula de estimulación multisensorial vos recomendamos para estes 15 días, nas vindeiras semanas proporemos exercicios para traballar o tacto.

Desexamos que vos resulten o máis divertidas posible!